



**3º PLAN DE IGUALDADE de  
OPORTUNIDADES de MULLERES e HOMES  
CONCELLO DE COVELO  
2022-2026**

**Decembro 2022**



## **1. INTRODUCCIÓN**

## **2. MARCO NORMATIVO DA IGUALDADE**

## **3. PROCESO DE ELABORACIÓN DO 3º PLAN DE IGUALDADE**

## **4. ESTRUTURA E CONTIDOS DO 3º PLAN DE IGUALDADE**

### **4.1. Obxectivos do 3º Plan de Igualdade**

### **4.2. Áreas de intervención**

## **5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN**

## **6. CRONOGRAMA**

## **7. ANEXO**



## 1. INTRODUCCIÓN

Sabemos que a pesar dos cambios sociais acontecidos nas últimas décadas e do importante recoñecemento social da igualdade xurídica, un dos maiores obstáculos existentes na actualidade continua a ser a inexistencia dunha igualdade real ou efectiva. Neste sentido, conscientes dos avances experimentados pero tamén dos importantes obstáculos que a día de hoxe persisten e que e impiden o acceso e participación das mulleres en condicións de igualdade á vida laboral, social, cultural, educativa e política, o Concello de Covelo amosa unha vez máis o seu compromiso por erradicar todas as formas de discriminación e traballar firmemente por acadar unha sociedade igualitaria onde mulleres e homes teñan o mesmo trato e idénticas oportunidades.

O Concello de Covelo, como administración máis próxima á poboación, convertese na idónea para levar a cabo as políticas de igualdade, mostra disto é a existencia do compromiso deste concello que se manifesta na posta en marcha de dous plans de igualdade e a elaboración deste terceiro plan.

A elaboración deste Plan de Igualdade de Oportunidades estivo baseada nos resultados da avaliación do 2º Plan de Igualdade, executado entre o ano 2018-2021, a elaboración do Diagnóstico sociodemográfico da situación de mulleres e homes do Concello de Covelo, a normativa e lexislación vixente en materia de igualdade e a participación social. Polo tanto, este Plan é froito do arduo traballo realizado e da posterior reflexión e valoración sobre o mesmo. Constitúe a folia de ruta do traballo a desenvolver polo Concello de Covelo en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes. Neste sentido, convertese na ferramenta municipal de traballo en materia de igualdade que oriente a política municipal nos vindeiros catro anos.

O 3º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Covelo 2022-2026 fundamentase no principio de igualdade de oportunidades e foi elaborado co obxectivo de seguir incorporando a transversalidade de xénero en todas as políticas de intervención municipal para fomentar e impulsar a participación igualitaria de mulleres e homes en todas as esferas da vida. Está estruturado en áreas de intervención, obxectivos e unha serie de actuacións e medidas que contribuirán á diminución da desigualdade e desequilibrios existentes entre mulleres e homes do municipio. Ponse en marcha coa vontade de que sexa un documento flexible e aberto que, parte da experiencia, resultado e continuidade dalgunhas das actuacións iniciadas no anterior plan de igualdade e introduce novas medidas coa finalidade de dar resposta ás problemáticas sociais detectadas.

O 3º plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes supón un compromiso político, técnico e cidadá que presenta as seguintes características: Constitúe un plan aberto e flexible, aberto aos posibles cambios que poidan presentarse ao longo do seu proceso de implantación. É un plan avaliable, onde se formula o desenvolvemento dun proceso de avaliación e se inclúen unha serie de indicadores para os obxectivos establecidos. Inclúe áreas estratéxicas de intervención, obxectivos xerais e específicos e accións a desenvolver polas diferentes áreas municipais e axentes responsables durante un período de tempo determinado.

Salientar, que a elaboración do Plan de Igualdade foi posible grazas tamén ao esforzo de moitas persoas que dedicaron esforzo a este traballo colectivo de realizar achegas para incluír neste documento. Queremos agradecer ás asociacións, departamentos municipais, persoal técnico e político que colaboraron no deseño e elaboración deste Plan de igualdade, sen a súa colaboración este plan non sería posible.



## 2. MARCO NORMATIVO DA IGUALDADE

O dereito á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes está recollido en diversos marcos de referencia existentes de distintos ámbitos (internacional, estatal, e autonómico). Toda esta normativa foi tida en conta para a elaboración e deseño do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Covelo. A continuación amosamos os documentos máis relevantes tidos en conta na elaboración deste Plan de Igualdade.

### ORGANIZACIÓN NACIONS UNIDAS (ONU)

- Carta Fundacional das Nacións Unidas de 1945, que recolle como un dos tres grandes obxectivos “definir e protexer os dereitos e liberdades de todo ser humano, sin distinción de raza, sexo, idioma e relixión”.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, onde se proclama “a igualdade de dereitos de homes e mulleres”. Recolle o principio de non discriminación “toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados por esta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.
- Convención para a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW) (1979). Ratificada en España en 1983.
- I Conferencia Mundial sobre a Condición Social e Xurídica da Muller, de 1975 e as posteriores. IV Conferencia Mundial sobre a Muller de Beijing (1995) e a súa Declaración e Plataforma de Acción de Beijing. No ano 2020, coa conmemoración dos 25 anos da Conferencia, ONU Mulleres convoca o Foro Xerando Igualdade, unha reunión mundial centrada na sociedade civil onde se presentan accións concretas e transformadoras para lograr a igualdade de xénero
- Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller (1993) expone detalladamente as normas internacionais sobre a violencia contra as mulleres. Implica un consenso internacional sobre a obriga dos Estados de eliminar a violencia contra as mulleres.
- Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas (2015), un plan de acción internacional a favor das persoas, o planeta, a prosperidade e a paz universal. Esta axenda recolle entre os seu obxectivos: acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas (obxectivo 5). Establece tamén que a igualdade entre mulleres e homes ten que incorporarse transversalmente en todos os obxectivos da Axenda.

### PARLAMENTO EUROPEO E CONSELLO DE EUROPA

- Tratado de Roma (1957), introduce o principio de igual remuneración para mulleres e homes por un traballo de igual valor.
- Tratado de Maastricht (1993), recoñécese a implantación de medidas de acción positiva para as mulleres.
- Tratado de Ámsterdan (1997), que introduce unha nova base xurídica para as medidas relativas á igualdade entre mulleres e homes no que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ao trato no traballo.
- Directivas, Recomendacións e Resolucións en materia de emprego, participación e toma de decisións, fenda salarial, loita contra a violencia de xénero, conciliación da vida laboral e profesional, feminización da pobreza...etc. Establecidas dende 1975 ata a actualidade.



- Directiva 2004/113/CE do Consello, de 13 de decembro de 2004, pola que se aplica o principio de igualdade entre mulleres e homes ao acceso a bens e servizos e a seu subministro.
- Directiva do Parlamento Europeo e do Consello de Europa 2006/54/CE de 5 xullo de 2006, relativa ao principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre mulleres e homes en asuntos de emprego e ocupación.
- Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 7 xullo de 2010, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma.
- Convenio do Consello de Europa de 11 de maio de 2011, sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Estambul) nel ampliase o concepto de violencia de xénero incorporando outras formas e manifestacións desta violencia exercida contra as mulleres.
- Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional das persoas proxenitoras e coidadoras, e pola que deroga a Directiva 210/18/UE/ do Consello.
- Ano 2020. Estratexia de Igualdade de Xénero da Unión Europea 2020-2025, onde se recolle que a igualdade de xénero é un valor central da Unión Europea que non foi acadado por ningún Estado membro. Formúlase unha estratexia baseada en seis eixos: o fin da violencia e os estereotipos de xénero; avanzar cara unha economía con igualdade de xénero; acadar a igualdade nos postos de mando en todos os ámbitos da sociedade; incorporar a igualdade nos instrumentos de financiamento e garantía orzamentaria da Unión Europea e abordar a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres.

## PARLAMENTO ESPAÑOL E GOBERNO DE ESPAÑA

O Parlamento e o Goberno español elaboraron e aprobaron ao longo dos anos diversas leis dirixidas a erradicar as desigualdades e discriminacións existentes entre mulleres e homes e a eliminar a violencia contra as mulleres.

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de xénero, ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte de quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou quen estean ou estiveran ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.
- Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fora a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida, sobre todo nas esferas política, civil, laboral, económica e social e cultural para o desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución para acadar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria.
- Plan Integral contra a trata de mulleres e nenas con fin de explotación sexual 2015-2018.
- Plan para a promoción das mulleres do medio rural 2015-2018.
- Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso o 28 de setembro de 2017.
- Real Decreto Lei 9/2018, do 3 de agosto de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.



- Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.
- Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro, para dar cumprimento ao mandato legal de desenvolvemento regulamentario dos plans de igualdade.
- Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes que ten como obxecto establecer medidas específicas para facer efectivo o dereito á igualdade de trato e á non discriminación entre mulleres e homes en materia retributiva, desenvolvendo os mecanismos para identificar e corrixir a discriminación neste ámbito e loitar contra a mesma.
- Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación ten por obxecto garantir e promover o dereito á igualdade de trato e non discriminación, respectar a igual dignidade das persoas no desenvolvemento dos artigos 9.2, 10 e 14 da Constitución. Regula tamén os dereitos e obrigas das persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, establece principios de actuación dos poderes públicos e prevé medidas destinadas a previr, eliminar, e corrixir toda forma de discriminación directa ou indirecta, nos sectores público e privado.
- Lei 1/2021, de 24 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.
- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

#### GOBERNO AUTONÓMICO GALEGO

- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Plan Galego de Conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.



### 3. PROCESO DE ELABORACIÓN DO 3º PLAN DE IGUALDADE

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Covelo, xorde como un proceso participativo e de colaboración que contou coa participación de axentes sociais locais e de persoal técnico dos departamentos municipais co obxectivo de obter información cualitativa e cuantitativa que nos proporcionara información sobre a realidade actual da poboación de Covelo co obxectivo de identificar as necesidades do municipio en materia de igualdade. O proceso de elaboración do plan foi organizado en varias fases:

A **primeira fase** estivo centrada no estudo documental de diversos materiais relativos á igualdade de oportunidades e de datos procedentes de informes, memorias, documentos de traballo, web, etc, que nos ofreceron información sobre as políticas de igualdade desenvolvidas polo Concello durante os anos de vixencia do 2º Plan de Igualdade.

A **segunda fase** consistiu na elaboración do documento de avaliación do 2º Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Covelo 2018-2021. Documento que nos proporcionou unha visión das accións realizadas coa poboación do municipio nos mencionados anos co obxectivo de acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e eliminar as desigualdades existentes. Indícanos o nivel de execución do Plan de Igualdade e de cumprimento dos obxectivos establecidos.

Na **terceira fase** recolleemos información procedente de *fontes primarias*, e para elo, artículase a participación dos departamentos municipais e das e dos axentes sociais e comunitarios da zona a través de reunións coa finalidade de recoller as achegas sobre a problemática, necesidades e prioridades detectadas na localidade, coa finalidade de elaborar un marco estratéxico de intervención que sexa fundamentalmente realista e que permitirá implantar na localidade medidas dirixidas a eliminar as desigualdades existentes e a prevención e eliminación das violencias machistas.

Neste sentido, realizouse unha convocatoria pública para asistir a unha reunión e enviáronse e-mail a axentes sociais e comunitarios da localidade coa finalidade de recoller as achegas sobre a problemática, necesidades e prioridades que desde a súa experiencia detectan na localidade. A través da información, reflexións e opinións recollidas obtivemos unha visión da situación social da localidade.


Na **cuarta fase** levouse a cabo un diagnóstico sociodemográfico sobre a situación de mulleres e homes da localidade co obxectivo de coñecer a súa situación a nivel demográfico, laboral, educativo, benestar social e da violencia de xénero. Con toda a información mencionada, elabórase o diagnóstico que recolle as principais necesidades detectadas, e en función delas, establece as liñas de actuación. Considerase necesario traballar especificamente en: incluír a transversalidade de xénero na Administración local; fomentar a concienciación social sobre a importancia de educar en igualdade; fomentar a participación social e o empoderamento das mulleres, así como a prevención e sensibilización en materia de Violencia, e fomentar a empregabilidade das mulleres da localidade co obxectivo de eliminar as desigualdades e construír unha sociedade que integre a igualdade real.

A **quinta fase** consiste na redacción definitiva do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Covelo 2022-2026.



## 4. ESTRUCTURA E CONTIDOS DO 3º PLAN DE IGUALDADE

Estructura do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Covelo







## 4.1. Obxectivos do 3º Plan de Igualdade

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes do Concello de Covelo ten como finalidade acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes a través do impulso e posta en marcha de políticas locais de fomento da igualdade.

Os **obxectivos xerais** do Plan de Igualdade son:

- Introducir o principio de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes na Administración municipal.
- Fomentar a aplicación progresiva da perspectiva de xénero para promover unha educación en igualdade que potencie un cambio de valores e o empoderamento das mulleres
- Impulsar medidas de concienciación e prevención contra a violencia machista
- Promover o principio igualdade de oportunidades na formación, o emprego e na conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes do Concello de Covelo

Como **obxectivos específicos** dispón:

- Introducir progresivamente o principio de igualdade de oportunidades na xestión municipal.
- Promover a difusión do 3º Plan de igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Covelo.
- Concienciar á poboación sobre a necesidade de fomentar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores que fomente a eliminación dos roles e estereotipos sexistas.
- Fomentar e impulsar o proceso de empoderamento e participación social das mulleres.
- Fomentar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na programación deportiva municipal.
- Concienciar á sociedade sobre a importancia de desenvolver actuacións dirixidas á prevención e erradicación da violencia machista
- Proporcionar atención e asesoramento ás mulleres vítimas da violencia machista
- Promover a igualdade de oportunidades nas actuacións de formación para o emprego que desenvolva o Concello de Covelo.
- Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes no Concello de Covelo.

O Plan está organizado en función de catro áreas de intervención, e para abordar cada unha das áreas establece un obxectivo xeral e varios obxectivos específicos. En función deles, establécense as accións ou medidas a acometer para cada área. Dispón dun total de 4 obxectivos xerais, 9 obxectivos específicos e 38 accións. Salientar que para cada obxectivo específico deséñanse as accións, os organismos ou entidades responsables, a temporalización prevista e os indicadores que nos permitirán medir o grao de cumprimento dos obxectivos e o seu impacto. A táboa que a continuación amosamos reflicte os obxectivos e áreas de intervención establecidas.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS
Promoción da transversalidade de xénero na Administración Local	2	8 accións
Educación en igualdade, empoderamento e cambio de valores	3	14 accións
Acción e prevención contra as violencias machistas	2	9 accións
Formación, emprego e conciliación da vida laboral, persoal e familiar	2	7 accións
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>38</b>



## 4.2. Áreas de intervención

### Área de Promoción da Transversalidade de xénero

A transversalidade busca incorporar a perspectiva de xénero na toma de decisións, a planificación e posta en marcha e a avaliación do conxunto das políticas públicas, atravesando todos e cada un dos ámbitos de actuación onde intervén. Este enfoque supón planificar e programar tomando en consideración as diferentes necesidades e identificando e avaliando as consecuencias que a acción política e social ten sobre as desigualdades de xénero. A integración da perspectiva de xénero na actuación municipal contribúe a mellorar a gobernanza para a igualdade de mulleres e homes, impulsando o compromiso da administración local coa igualdade, feito que permitirá unha intervención pública máis eficaz, eficiente e equitativa. As accións establecidas nesta área teñen como pretensión estender a transversalidade de xénero a todas as áreas municipais en todos os momentos dos procesos de toma de decisións.

### ÁREA 1: PROMOCIÓN DA TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### OBXECTIVO XERAL

Introducir o principio de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes na Administración municipal.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1. 1

Introducir progresivamente o principio de igualdade de oportunidades na xestión municipal

#### ACCÍONS

1.1.1. Incorporación progresiva da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista na documentación municipal, tanto interna e externa, así como nos ficheiros dispoñibles online para realizar trámites a través da sede electrónica e na web municipal.

<b>Indicadores:</b> Nº de documentos incorporados Tipo de documentos incorporados Departamentos municipais que incorporaron				<b>Responsables:</b> Todos departamentos municipais			
2022		2023	x	2024	x	2025	x



1.1.2. Creación dunha caixa de suxestións no espazo web Covelo Igualdade coa finalidade de recoller suxestións da cidadanía en materia de igualdade.							
<b>Indicadores:</b> Creación da caixa de suxestións Nº de suxestións realizadas				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>		<b>2025</b>	

1.1.3. Inclusión progresiva da variable sexo nas bases de datos, memorias, estatísticas, estudos, e enquisas que se promovan desde o concello para garantir unha análise da poboación desagregada por sexo.							
<b>Indicadores:</b> Nº de documentos, estatísticas, estudos, etc, incluídos. Tipo de documentos incluídos Departamentos municipais que incluíron a variable				<b>Responsables:</b> Todos departamentos municipais			
<b>2022</b>	<b>x</b>	<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

1.1.4. Emprego de ferramentas, plataformas e estratexias das redes sociais (Facebook, Twitter, LinkedIn, YouTube, Instagram....) para difundir as actividades municipais en materia de igualdade de oportunidades.							
<b>Indicadores:</b> Nº de ferramentas empregadas Tipo de ferramentas empregadas Nº de actividades difundidas Tipo de actividades difundidas.				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais			
<b>2022</b>	<b>x</b>	<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

1.1.5. Posta en marcha de actividades de sensibilización en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes coa finalidade de visibilizar e difundir a situación diferencial existente entre mulleres e homes.							
<b>Indicadores:</b> Nº de actividades organizadas Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Todos os departamentos Comunidade educativa Movemento asociativo Grupos políticos			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

1.1.6. Contemplan a adquisición de bibliografía especializada en igualdade de oportunidades e feminismo na biblioteca pública da localidade.							
<b>Indicadores:</b> Nº de libros adquiridos				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Biblioteca Pública Municipal			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>		<b>2025</b>	<b>x</b>



### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2

Promover a difusión do 3º Plan de igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Covelo

### ACCIÓNS

1.2.1. Presentación e difusión do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Covelo aos departamentos municipais, entidades e poboación da localidade.

Indicadores:				Responsables:			
Nº de accións programadas				Todos departamentos municipais			
Nº de accións realizadas							
Nº persoas, departamentos, institucións participantes							
2022		2023	x	2024		2025	

1.2.2. Inclusión do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Covelo na páxina web do Concello.

Indicadores:				Responsables:			
Inclusión do documento na web				Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais			
nº de visitas realizadas							
2022	x	2023	x	2024		2025	



## Área de Educación en Igualdade, Concienciación Social e Cambio de Valores

A educación constitúe unha das ferramentas fundamentais do desenvolvemento do cambio. Pon especial énfase na eliminación dos estereotipos sexistas e na loita contra a discriminación das mulleres, implicando a toda a comunidade educativa e á sociedade en xeral.

Educación en valores supón proporcionar as ferramentas necesarias para enfrontarse de forma crítica e construtiva á realidade, apostando por unha sociedade máis xusta e democrática. Neste sentido, debemos prestar especial importancia a fomentar os valores que permitan unha igualdade efectiva entre os sexos e que eviten o uso da violencia contra as mulleres.

As accións establecidas nesta área están dirixidas a concienciar a poboación sobre a necesidade de fomentar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores que fomente a eliminación dos roles e estereotipos sexistas, así como, a impulsar o proceso de empoderamento e participación social das mulleres.

### ÁREA 2: EDUCACIÓN EN IGUALDADE, EMPODERAMENTO E CAMBIO DE VALORES

#### OBXECTIVO XERAL

**Fomentar a aplicación progresiva da perspectiva de xénero para promover unha educación en igualdade que potencie un cambio de valores e o empoderamento das mulleres**

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1

**Concienciar á poboación sobre a necesidade de fomentar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores que fomente a eliminación dos roles e estereotipos sexistas.**

#### ACCÍONS

2.1.1. Continuar mantendo a colaboración cos centros educativos na realización de actividades dirixidas a eliminar os roles e estereotipos sexistas e a potenciar unha educación baseada en valores igualitarios.

##### Indicadores:

Nº de actividades organizadas  
Nº de actividades realizadas  
Tipo de actividades realizadas  
Nº de persoas participantes desagregada por sexo

##### Responsables:

Concellería Igualdade  
Concellería de Educación  
Comunidade educativa

<b>2022</b>	<b>x</b>	<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>
-------------	----------	-------------	----------	-------------	----------	-------------	----------



2.1.2. Deseño dunha programación de ocio infantil (películas, obras de teatro, contacontos...) libre de estereotipos sexistas coa finalidade de eliminar das actividades dirixidas a esta poboación, mensaxes sexistas repletos de estereotipos de xénero que contribúen a construír e condicionar a personalidade adulta.

<b>Indicadores:</b> Nº de actividades organizadas Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Igualdade Concellería S. Sociais Concellería de Cultura Comunidade educativa			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

2.1.3. Posta en marcha de accións de educación afectiva e sexual, dirixidas á mocidade da localidade, que respecten a diversidade de identidades sexuais coa finalidade de eliminar o sexismo existente, e fomentar a reflexión sobre as condutas sexistas e de control que se producen.

<b>Indicadores:</b> Nº de accións organizadas Nº de accións realizadas Tipo de accións realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade Comunidade educativa			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>		<b>2025</b>	<b>x</b>

2.1.4. Realización de actividades de valoración e recoñecemento das contribucións realizadas polas mulleres á sociedade, a través da inclusión do seu nome en rúas, prazas, edificios públicos, etc.

<b>Indicadores:</b> Nº de nomes incluídos Tipo de espazo no que se inclúe				<b>Responsables:</b> Concello de Covelo Concellería de Igualdade			
<b>2022</b>		<b>2023</b>		<b>2024</b>		<b>2025</b>	<b>x</b>

2.1.5. Realización de actividades culturais, andainas, viaxes, obradoiros, etc, que fomenten o empoderamento individual e colectivo das mulleres da localidade.

<b>Indicadores:</b> Nº de actividades organizadas Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade Concellería de Cultura			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>



2.1.6. Realización de actividades sobre o patrimonio cultural inmaterial con perspectiva de xénero que den a coñecer e poñan en valor as prácticas, expresións, saberes e técnicas transmitidas pola comunidade de Covelo de xeración en xeración, e que contribúen a infundir un sentimento de identidade e continuidade, creando un vínculo entre o pasado e o futuro a través do presente.

<b>Indicadores:</b> Nº de actividades organizadas Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade Concellería de Cultura Movemento asociativo local Comunidade educativa			
2022		2023	x	2024	x	2025	x

2.1.7. Poñer en valor a participación das mulleres do rural a través da súa promoción nas actividades turísticas que se desenvolvan na zona.

<b>Indicadores:</b> Nº de actividades organizadas Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade Concellería de Cultura			
2022		2023	x	2024	x	2025	x

prioridade mulleres

2.1.8. Desenvolvemento dunha actividade formativa que facilite o manexo do móbil e das novas tecnoloxías para dotar á poboación, especialmente ás mulleres, das competencias dixitais que lles permita manexarse nas tecnoloxías e nas plataformas electrónicas empregadas polas administracións.

<b>Indicadores:</b> Nº de actividades organizadas Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade			
2022		2023	x	2024	x	2025	



## OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2

Fomentar e impulsar o proceso de empoderamento e participación social das mulleres.

2.2.1. Posta en marcha de actividades sociais e culturais dirixidas á participación e empoderamento das mulleres da localidade.

<b>Indicadores:</b> Nº e tipo de accións realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

2.2.2. Realización de accións de visibilización e recoñecemento das achegas e contribucións realizadas polas mulleres aos distintos ámbitos sociais.

<b>Indicadores:</b> Nº e tipo de accións realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

2.2.3. Realización de actividades relacionadas coa saúde e o benestar desde a perspectiva de xénero, en colaboración con outras entidades e organismos, que incidan en temas como a alimentación, o exercicio físico, o autocoidado, etc, coa finalidade de mellorar a calidade de vida.

<b>Indicadores:</b> Nº e tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería Igualdade			
<b>2022</b>	<b>x</b>	<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

2.2.4. Pular para que no voluntariado de alimentos da localidade colabore unha participación equilibrada de mulleres e homes.

<b>Indicadores:</b> Accións desenvoltas Nº de voluntarias Nº de voluntarios				<b>Responsables:</b> Concellería Igualdade Concellería S. Sociais Movemento asociativo			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>





**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3.**

**Fomentar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na programación deportiva municipal.**

2.3.1. Elaboración dun decálogo para asesorar aos equipos e clubs deportivos locais sobre como aplicar a perspectiva de xénero no deporte.

<b>Indicadores:</b> Elaboración do decálogo				<b>Responsables:</b> Concellería Igualdade Concellería de Deporte			
2022		2023	x	2024		2025	

2.3.2. Elaboración dunhas bases non sexistas que regulen os premios das competicións deportivas, cando se establezan as categorías feminina e masculina, organizadas e patrocinadas polo concello.

<b>Indicadores:</b> Elaboración das bases				<b>Responsables:</b> Concellería Igualdade Concellería de Deporte			
2022		2023	x	2024		2025	



### Área de Acción e Prevención contra a Violencia Machista

A intervención contra a violencia machista implica modificar os valores sociais que están firmemente asentados na sociedade. Neste sentido, para transformar os valores sociais que a sustentan é imprescindible combinar o traballo dirixido á concienciación social, á visibilización de todo tipo de violencia e aumentar a percepción social dos comportamentos violentos como un problema derivado da situación de desigualdade e discriminación que sofren as mulleres en todos os ámbitos da vida.

As accións establecidas nesta área están dirixidas a concienciar á sociedade sobre a importancia de actuar cara á prevención e erradicación da violencia machista e proporcionar atención e asesoramento ás mulleres vítimas da violencia machista, así como os recursos necesarios para o acceso aos mesmos son os obxectivos fundamentais desta área de intervención.

## ÁREA 3: ACCIÓN E PREVENCIÓN CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

**OBXECTIVO XERAL: Impulsar medidas de concienciación e prevención contra a violencia machista**

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1**  
**Concienciar á sociedade sobre a importancia de desenvolver actuacións dirixidas á prevención e erradicación da violencia machista**

### ACCIONES

3.1.1. Continuar conmemorando o 25 Novembro “Día Internacional da Eliminación da Violencia exercida contra as mulleres” co obxectivo de fomentar a concienciación social sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención e erradicación da violencia machista.

**Indicadores:**

Nº de actividades realizadas  
Tipo de actividades realizadas  
Nº de persoas participantes desagregado por sexo  
Valoración das persoas participantes desagregado por sexo

**Responsables:**

Concellería de Igualdade  
Concellería de S. Sociais  
Comunidade educativa  
Movemento asociativo

<b>2022</b>	<b>x</b>	<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>
-------------	----------	-------------	----------	-------------	----------	-------------	----------



3.1.2. Desenvolvemento de actividades relacionadas coas habilidades sociais, resolución de conflitos e habilidades de comunicación como ferramenta de prevención de condutas violentas e de control.							
<b>Indicadores:</b> Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregado por sexo Valoración das persoas participantes desagregado por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais			
2022		2023	x	2024	x	2025	x

3.1.3. Desenvolvemento de accións de sensibilización e concienciación sobre a violencia machista, incidindo nos distintos tipos de violencia e as súas consecuencias, dirixidas á poboación xeral							
<b>Indicadores:</b> Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregado por sexo Valoración das persoas participantes desagregado por sexo.				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais			
2022	x	2023	x	2024	x	2025	x

3.1.4. Realización de actividades de sensibilización e concienciación dirixida á comunidade educativa que proporcionen ferramentas para detectar a violencia machista e pautas de intervención ante ela.							
<b>Indicadores:</b> Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº de persoas participantes desagregado por sexo Valoración das persoas participantes desagregado por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería de Educación Concellería de Igualdade Centros educativos ANPAS			
2022	x	2023	x	2024	x	2025	x

3.1.5. Priorización nos criterios de selección de programas e actividades de formación que se leven a cabo na localidade dirixidos ás mulleres vítimas de violencia.							
<b>Indicadores:</b> Establecemento dos criterios Nº de programas e actividades onde se inclúe, Nº de mulleres beneficiarias				<b>Responsables:</b> Concellería Igualdade Concellería Servizos Sociais			
2022		2023	x	2024	x	2025	x



### OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2

#### Proporcionar atención e asesoramento ás mulleres vítimas da violencia machista

3.2.1. Continuar proporcionando información e asesoramento ás mulleres da localidade sobre os recursos, servizos e programas existentes e os requisitos necesarios para o acceso aos mesmos, informando da posibilidade de acceder á información xurídica e psicolóxica no Centro de Información á Muller de Pontearreas.

<b>Indicadores:</b> Nº persoas atendidas nos Servizos Sociais desagregadas por sexo Nº de persoas da localidade atendidas no CIM desagregadas por sexo. Nº de consultas realizadas polas mulleres de Covelo. Tipo consultas realizadas polas mulleres de Covelo.				<b>Responsables:</b> Concellería Servizos Sociais Concellería de Igualdade Centro Información á Muller Pontearreas Policía Local/Garda Civil			
2022	x	2023	x	2024	x	2025	x

3.2.2. Establecemento de reunións de carácter periódico coa Dirección do Centro de Información ás Mulleres co obxectivo de analizar casuísticas e necesidades das mulleres de Covelo que viven situacións de violencia de xénero na finalidade de proporcionar unha atención integral na materia.

<b>Indicadores:</b> Nº de reunións Nº de mulleres usuarias Perfil das mulleres usuarias				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais Centro Información á Muller Pontearreas			
2022		2023	x	2024	x	2025	x

3.2.3. Valorar a viabilidade de establecer a Mesa Interinstitucional contra a Violencia de Xénero como operativo local que favorece e potencia a coordinación de todos os organismos e departamentos implicados na loita contra a violencia de xénero.

<b>Indicadores:</b> Nº de reunións realizadas				<b>Responsables:</b> Concello de Covelo Policía Local Guardia Civil Xulgado Centros educativos			
2022		2023		2024	x	2025	

3.2.4. Inclusión na web Igualdade Covelo dun enlace Web que conteña os recursos e servizos existentes dirixidos ás mulleres vítimas de violencia e ás súas fillas e fillos.

<b>Indicadores:</b> Inclusión do enlace web				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Servizos Sociais			
2022		2023	x	2024	x	2025	x



### Área de formación, emprego e conciliación da vida laboral, persoal e familia

Promover o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na formación, o emprego e a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes do Concello de Covelo é a pretensión desta área. Polo tanto, tendo en conta o marco de competencias no emprego e formación pretendemos incrementar o esforzo e a colaboración con outras administracións para promover e fomentar as iniciativas e actuacións necesarias para intervir sobre o desemprego feminino e mellorar a posición das mulleres ante o mercado laboral. As actuacións deseñadas para esta área están ligadas a proporcionar formación para o acceso ao emprego das mulleres da localidade e a favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Covelo.

## ÁREA 4: FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR

### OBXECTIVO XERAL:

**Promover o principio igualdade de oportunidades na formación, o emprego e na conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes do Concello de Covelo**

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 4. 1

**Promover a igualdade de oportunidades nas actuacións de formación para o emprego que desenvolva o Concello de Covelo.**

## ACCIÓNS

4.1.1. Inclusión nos programas e accións municipais dirixidos a fomentar o emprego e a inserción laboral de mulleres e homes da localidade, dunha formación ocupacional adaptada ás demandas ocupacionais da zona e libre de estereotipos de xénero.

<b>Indicadores:</b> Nº de programas e accións que inclúen Nº de participantes desagregado por sexo Valoración participantes desagregado por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería Emprego Concellería Igualdade Concellería S. Sociais			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>



4.1.2. Impartir unha formación especializada ás mulleres desempregadas da localidade, especialmente a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade social, que lles permita incorporarse ao mercado laboral

<b>Indicadores:</b> Nº de accións formativas realizadas Tipo de accións formativas realizadas Nº e perfil das mulleres participantes Valoración das mulleres participantes				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de Emprego Concellería Servizos Sociais			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

4.1.3. Colaboración, con distintas administracións públicas e entidades, na organización e posta en marcha de accións formativas para o emprego dirixidas ás mulleres desempregadas.

<b>Indicadores:</b> Nº de colaboracións realizadas Nº e perfil das mulleres participantes Valoración das mulleres participantes				<b>Responsables:</b> Concello de Covelo Administracións públicas Entidades.			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

4.1.4. Organización de actividades formativas dirixidas á orientación e busca de emprego das mulleres, que contemplan o desenvolvemento de habilidades persoais e sociais e lles permita realizar unha busca activa de emprego e mellorar a súa empregabilidade.

<b>Indicadores:</b> Nº de actividades realizadas Tipo de actividades realizadas Nº e perfil das mulleres participantes Valoración das participantes				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería S. Sociais Concellería Emprego			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>



### OBXECTIVO ESPECÍFICO 4. 2

**Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes no Concello de Covelo.**

4.2.1. Información e difusión das medidas de conciliación existentes así como dos dereitos, permisos, e beneficios relacionados coa maternidade e paternidade mediante a inserción de enlaces na web municipal.

<b>Indicadores:</b> Establecemento do enlace web Nº de medidas difundidas				<b>Responsables:</b> Concellería de Igualdade Concellería de S. Sociais			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

4.2.2. Continuar co desenvolvemento da Escola de Verán dirixida a nenas e nenos como medida que contribúe á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes da localidade, e valorar, en caso de necesidade, a súa ampliación a outras épocas do ano.

<b>Indicadores:</b> Nº de escolas realizadas Nº de persoas participantes desagregado por sexo Valoración participantes desagregada por sexo				<b>Responsables:</b> Concellería de S. Sociais Concellería de Igualdade			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>	<b>x</b>	<b>2025</b>	<b>x</b>

4.2.3. Instar á Administración pública pola ampliación de servizos e recursos dirixidos ás persoas dependentes, fundamentalmente das mulleres maiores das parroquias, que lles permitan ter unha mellor calidade de vida.

<b>Indicadores:</b> Petición da ampliación de servizos				<b>Responsables:</b> Concello de Covelo Administración pública			
<b>2022</b>		<b>2023</b>	<b>x</b>	<b>2024</b>		<b>2025</b>	



## 5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación e seguimento é fundamental en calquera organización ou entidade que desexe coñecer a eficacia, eficiencia e idoneidade das políticas de igualdade postas en marcha. Neste sentido, a avaliación do 3º Plan de Igualdade deberá ser un proceso sistemático que nos proporcionará información sobre a súa execución e os resultados obtidos.

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Covelo ten como obxectivos:

- Coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan, a eficacia das actuacións, os resultados obtidos e o nivel de coordinación e colaboración entre os departamentos e axentes implicados, o nivel de cobertura das actuacións, a eficacia dos recursos empregados e a inversión realizada. En resúmen, sistematizar todo o realizado e como foi realizado.
- Mellorar a eficacia das actuacións en relación cos obxectivos deseñados no Plan e propoñer novas medidas de mellora si se considera necesario.
- Detectar os avances e obstáculos acontecidos na súa execución e os efectos do seu desenvolvemento. Constitúe un instrumento que facilita a toma de decisións e que permite detectar novas necesidades.

Realizarase un sistema de *seguimento continuo* que nos proporcionará información sobre as medidas postas en marcha e nos permitirá coñecer si os obxectivos establecidos foron acadados, o nivel de desenvolvemento do plan e as súas accións e detectar as dificultades e atrancos atopados para en función disto, poder realizar os axustes necesarios .

Finalizada a vixencia do Plan de Igualdade, levarase a cabo unha avaliación *final e externa* que incluírá unha análise crítica das actividades realizadas e nos aportará información sobre a súa execución, funcionamento, efectos e resultados obtidos.

Coa finalidade de facilitar o seguimento do plan, deseñamos unha ficha (que incluímos como anexo) que recopilará os datos máis importantes de cada medida, departamento responsable, número e perfil de participantes, temporalización etc.

Desenvolverase unha avaliación cuantitativa que mida as accións segundo os indicadores establecidos (número e tipo de accións, número e perfil das persoas participantes desagregado por sexo e valoración das persoas participantes nas accións...). Abordarase tamén unha avaliación cualitativa a través de entrevistas e cuestionarios administrados ao persoal técnico, persoas beneficiarias dos programas e accións e ás e os axentes sociais e da comunidade que participaron na elaboración e posta en marcha do Plan.

Con toda a información extraída, elaborarse un *informe final* con información sobre a execución levada a cabo, e unha análise e reflexión sobre as as boas prácticas detectadas, e unha serie de recomendacións a ter en consideración na execución das futuras políticas de igualdade de oportunidades.





## 6. CRONOGRAMA

ÁREAS DE INTERVENCIÓN	Nº ACCIÓN	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025
<b>PROMOCIÓN DA TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMÓN. LOCAL</b>	1.1.1				
	1.1.2				
	1.1.3				
	1.1.4				
	1.1.5				
	1.1.6				
	1.2.1				
	1.2.2				
<b>EDUCACIÓN EN IGUALDADE, EMPODERAMENTO E CAMBIO DE VALORES</b>	2..1.1				
	2..1.2				
	2..1.3				
	2..1.4				
	2..1.5				
	2.1.6.				
	2..1.7				
	2.1.8				
	2.2.1				
	2.2.2				
	2.2.3				
	2.2.4				
	2.3.1				
	2.3.2				
<b>ACCIÓN E PREVENCIÓN CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA</b>	3.1.1				
	3.1.2				
	3.1.3				
	3.1.4				
	3.1.5				
	3.2.1				
	3.2.2				
	3.2.3				
	3.2.4				
	<b>FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN</b>	4.1.1			
4.1.2					
4.1.3					
4.1.4					
4.2.1					
4.2.2					
4.2.3					



## 7. ANEXO

FICHA DE SEGUIMIENTO DAS ACCIÓNS DO 3º PLAN DE I.O. CONCELLO DE COVELO				
DATA DE CUMPRIMENTACIÓN DA FICHA:				
ÁREAS DE INTERVENCIÓN:				
Promoción da Transversalidade de xénero na Administración Local		Formación, emprego e conciliación		
Educación en igualdade, empoderamento e cambio de valores				
Acción e prevención contra a Violencia Machista				
ACCIÓN:				
ACTIVIDADE:				
DESCRICIÓN ACTIVIDADE:				
OBXECTIVO DA ACTIVIDADE:				
POBOACIÓN BENEFICIARIA:				
Nº PERSOAS PARTICIPANTES:		Nº MULLERES		Nº HOMES
RESPONSABLES:				
COLABORACIÓNS:				
UBICACIÓN:			Nº HORAS	
INDICADORES:			EXECUCIÓN:	
			Realizada:	
			Non realizada:	
			En curso:	
LOGROS/RESULTADOS:				
ORZAMENTO INVESTIDO:				
PERÍODO DE EXECUCIÓN				
2022	2023	2024	2025	2026
OBSERVACIÓNS:				